

A REVISTA DA  
BIBLIOTECA

XULLO AGOSTO  
SETEMBRO 2024

Nº 62

# *ABRACADABRA*

**CONCURSO DE VERÁN**

**PASATEMPOS**

**GALERÍA DE FOTOS**

**CURIOSEANDO**

**QUE HAI DE NOVO**



**Deputación  
DA CORUÑA**

**BIBLIOTECA INFANTIL E XUVENIL**




# CONCURSO DE VERÁN



E polo increíble premio de poder escoller destino de vacacións, respondan adecuadamente, e no menor tempo posible, as seguintes preguntas:

1. Cal é o río...

Ah!!!! Ola!!!! Chegades xusto a tempo!!! Si... explicovos... Este ano cheguei a un acordo cos meus pais para escoller destino de vacacións. Os destinos posibles son: a casa dos meus avós, campamento de verán, quedarnos aquí, ou ir de cámping. Para saber quen terá a honra de tomar tamaña decisión, cada membro da familia elaborou un test. Todos deberemos contestar as preguntas que nos propoñen os outros participantes e quen máis preguntas acerte poderá decidir que facemos este ano en vacacións!!! Ah! En caso de empate, gañará o/a que empregase o menor tempo na resolución das preguntas. Que vos parece?



Pois ben, eu acabo de terminar a miña batería de preguntas e estaba a ensaiar como presentalas para darlle maior emoción. Queredes probar sorte? Pois... como ía dicindo... e sen máis dilación... Tentade responder adecuadamente, e no menor tempo posible, as seguintes preguntas, polo mellor premio deste verán, poder escoller destino de vacacións!!!:

	Pregunta	Resposta
1	Cal é o río máis longo do mundo?	O Amazonas
2	Quen compuxo a canción "Knockin' on Heaven's Door"?	Bob Dylan
3	En que parte do corpo humano se produce a insulina?	No páncreas
4	En que ano comezou a I Guerra Mundial?	En 1914
5	Como se chama o satélite máis grande de Saturno?	Titán
6	Que animal ten máis dentes?	O peixe gato con 9280 dentes
7	Quen conta con máis nomeamentos dos premios Grammy?	Beyoncé con 88 nomeamentos
8	De que estilo arquitectónico é a Catedral de Notre Dáme en París?	Gótico
9	Cal é o óso máis pequeno do corpo humano?	O estribo. Un óso do oído de aproximadamente 3 milímetros
10	Que metal é o máis caro do mundo?	O rodio
11	Que idioma é a lingua viva máis antiga de Europa?	O euskera
12	Cantos corazóns teñen os polbos?	3
13	Que órgano é o máis grande do corpo humano?	A pel
14	Hai un mamífero que non pode saltar, saberías dicir cal é?	O elefante
15	Hai algunha letra que non se atope na táboa periódica?	Si, a J
16	Quen pintou "El Grito"?	Edvard Munch
17	Cantas teclas negras ten un piano?	36 e 52 brancas. En total 88 teclas
18	Quen escribiu "O Principiño"?	Antoine de Saint-Exupéry
19	Quen foi a primeira muller que viaxou ao espazo?	Valentina Tereshkova
20	Que órgano do corpo consome máis enerxía?	O cerebro
21	Como se chama a mascota de Harry Potter?	Hedwig
22	Quen era Frankenstein, o monstro ou o científico?	O científico. O monstro non tiña nome, coñéceselle como o monstro de Frankenstein
23	Ao elevar un número calquera a 0, que resultado da?	1
24	De que cor son as «caixas negras» que hai nos avións?	Laranxas
25	De que país é o unicornio o animal nacional?	Escocia



Tempo!!!!

Que vos parece? Cantas acertastes? Védesme posibilidades de gañar? Espero que si! En fin, o duelo celebrábase esta fin de semana. Que nervios!!! Se vos tamén queredes escoller destino de vacacións podeades propoñerlles aos vosos pais un reto coma este. Se o levades a cabo xa me contaredes...

Felices vacacións!!! Vémonos no próximo número!!!

# PASATEMPOS

E coma sempre, iniciamos sección cos **chistes** máis graciosos que nos fostes deixando:

- ¿Qué hace un pez mago?  
Nada por aquí, nada por allí.

- ¿Quién ha incendiado el zoo?  
Las pistas apuntan a las llamas...

- Dos amigos se encuentran y uno le dice al otro: - ¿A cuánto vendes el piso?  
- Alquilo.  
- ¿Y cuánto pesa?  
- ¿Qué palabra tiene más de tres letras "o"? - "Gooooool"



E, agora, seredes quen de dar coa solución do seguinte **xeroglífico**?

De que tes ganas?

De ...



## Libro e autor

A continuación deixámosvos a recomendación dun libro para este verán, pero como estamos na sección de pasatempos teredes que adiviñalo. Non vos preocupedes, puxémolo doado. Só tedes que cambiar os números que aparecen en cada recadro polas letras coas que se corresponden, e atoparedes o título e o autor do libro que vos recomendamos. Esperamos que vos guste.

1 (A); 2 (E); 3 (I); 4 (O); 5(U); 6(C); 7(D); 8(F); 9(G); 10(N); 11(P); 12(R); 13(S); 14(T); 15(V); 16(Z)

6	1	12	14	1	13		7	2		3	10	15	2	12	10	4	
1	9	5	13	14	3	10		8	2	12	10	1	10	7	2	16	
11	1	16															

Desta vez, toca **unha de números**.

Nesta ocasión amosámosvos 5 cifras de 4 números cada unha. Ao carón de cada cifra indicámosvos, en dúas columnas, cantos números están ben e están no seu sitio (primeira columna), e cantos están ben pero noutro sitio (segunda columna). O que tedes que facer é acertar o número de 4 números que cumpre todos os requisitos.



	Nº de cifras que están ben e no seu sitio	Nº de cifras que están ben pero noutro sitio
1743	2	0
2586	1	1
5713	2	1
2371	1	2
8453	2	0



## GALERÍA DE FOTOS (nos nosos talleres)





# CURIOSIDADES ESTIVAS



Vivimos nun mundo fascinante e, se nos paramos a miralo, non fai máis que sorprendernos. Aquí deixámosvos tres curiosidades estivais que seguro vos gustarán:

Sabiades que a Torre Eiffel crece no verán? Si, si. Como volo estamos contando. Pode aumentar o seu tamaño en máis de 15 centímetros!! nos meses máis cálidos. A que se debe isto? Pois a explicación é tan sinxela como que o metal se expande coa calor, e de que está feita? De ferro. Sinxelo e impresionante a partes iguais.

Outro feito sorprendente é que ao norte do Círculo Polar Ártico podemos ver o sol as 24 horas do día!!! O número de días que sucede isto é maior canto máis preto do polo nos atopemos Como pode ser isto? Este fenómeno prodúcese debido á latitude, xa que nesas latitudes o sol parece moverse nun círculo cunha inclinación de 360 graos, o que provoca que estea visible todo o día. Non é sorprendente?

E deixamos para o final unha curiosidade que seguro que tentaredes comprobar este verán... Adiviñades que insecto é un gran meteorólogo? O grilo. De feito, a frecuencia dos chíos dos grilos está relacionada coa temperatura do aire, así que só necesitamos contar o número de chíos durante 1 minuto, dividir ese número por 5 e restar 9 e o resultado será a temperatura que fai!! Recomendación: contar o número de chíos en 10 segundos e multiplicar por 6, así non tedes que estar a contar un minuto enteiro. O resultado non variará xa que a frecuencia do canto é periódica. Alucinante, non? Como é posible non marabillarse co mundo que nos rodea?!



## Que hai de novo...?



- ❖ **PRÉSTAMO DIXITAL.** Se tamén che gusta ler en dixital, non agardes máis e dáte de alta na **biblioteca dixital Ebiblio-DaCoruna**. Poderás gozar, de forma gratuíta, dun préstamo dixital de libros, revistas, audiolibros, e outros contidos dixitais das máis variadas temáticas. É moi sinxelo, consulta na biblioteca ou na páxina web [www.dacoruna.gal/biblioteca/ebibliodacoruna/ebiblioteca-info](http://www.dacoruna.gal/biblioteca/ebibliodacoruna/ebiblioteca-info)
- **RESERVAS E RENOVACIÓNS.** Podedes facelas na páxina web <http://www.dacoruna.gal/biblioteca>.
- Lembra que podes ser **COLABORADOR/A DA NOSA REVISTA ABRACADABRA**. Esperamos as túas recomendacións de libros, trabalinguas, chistes, relatos, adiviñas... déixaas na Sección Infantil Xuvenil ou envíaas ao noso correo [biblioteca.infantilxjuvenil@dacoruna.gal](mailto:biblioteca.infantilxjuvenil@dacoruna.gal) e publicarámoslas no próximo número da revista.

\* Lembrámosvos que tamén estamos na rede:



## Solucións

\* **Xeroglífico**

Vacacións

\* **Unha de números**

2753

\* **Libro e autor**

C	A	R	T	A	S		D	E		I	N	V	E	R	N	O	
A	G	U	S	T	I	N		F	E	R	N	A	N	D	E	Z	
P	A	Z															